

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as dez horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 7 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo

para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de educador/a social (RS núm. 175, do 26/02/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte candidata:

Educadora social (oferta núm. [REDACTED])

— Jorge Mato, María Elena

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse á candidata preseleccionada un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte candidata:

— Jorge Mato, María Elena (RE núm. 244, do 04/03/24)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 8 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoa ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos da candidata admitida, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA ELENA JORGE MATO	4,80

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo, por un período de nove meses e catorce días, da traballadora que deseguido se sinala:

Educadora social

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA ELENA JORGE MATO	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACIÓN DE DÚAS (2) TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de técnico/a en educación infantil (RS núm. 175, do 26/02/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Técnicas en educación infantil (oferta núm. ██████████)

- Corbal Cangado, Sara
- Fernández González, Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a

documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Fernández González, Belén (RE núm. 245, do 04/03/24)
- Corbal Cangado, Sara (RE núm. 246, do 04/03/24)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 8 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	1,70
SARA CORBAL CANGADO	1,20

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de nove meses e catorce días, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Técnicas en educación infantil

NOME E APELIDOS	DNI
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	██████████
SARA CORBAL CANGADO	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- AUTORIZACIÓN E INFORME PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “XXVIII RALI DO COCIDO”

Dáse conta aos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes da entrada no Rexistro municipal do seguinte documento:

- Escrito de data 11 de febreiro do corrente (RE-E núm. 78) asinado por Don Mateo Varela Fernández, na súa condición de presidente da Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, polo que comunica ao Concello a celebración o vindeiros días 5 e 6 de abril do corrente da proba do Campionato de Rallyes de Galicia 2024, denominada “XXVIII RALI DO COCIDO” e que ten previsto percorrer parcialmente estradas deste Concello pertencentes ás parroquias de Rodeiro, Río, A Portela e Santa Mariña de Pescoso. Solicita asemade a colaboración do Concello nos eidos de acondicionamento das estradas municipais, protección civil, medio ambiente e recollida de lixo.

Debidamente informados de canto antecede e á vista da documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a utilización das estradas de titularidade municipal para a celebración da proba deportiva solicitada. Esta autorización outórgase condicionada ao cumprimento da normativa de aplicación e sen prexuízo de calquera outro permiso ou autorización procedente e, en concreto, a dos titulares doutras estradas afectadas pola proba neste termo municipal (Deputación Provincial e Xunta de Galicia). Asemade, a organización deberá sinalizar axeitadamente o percorrido e adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e espectadores. Aos citados efectos, deberá contar cunha póliza en vigor que asegure os eventuais danos e a súa correspondente responsabilidade civil.

Segundo.- Colaborar coa organización, a través dos servizos municipais de obras, protección civil, medio ambiente e recollida do lixo, atendendo ao solicitado, no exercicio das competencias atribuídas ao Concello e para fins exclusivos de interese público relacionados coa actividade solicitada.

Terceiro.- Informar de xeito favorable a súa viabilidade, de conformidade co previsto no punto 2.2 a) da sección 1ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 18/01/24, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde en data 12/03/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, así como o seu transporte a xestor autorizado, á sociedade AMBIGAL-360 S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social na Coruña, ao prezo mensual de TRESCENTOS EUROS (300,00 €), máis IVE, así como o importe correspondente da delegación de fluxos de ECOEMBES ao seu favor.

Segundo.- O período de contratación estenderase polo prazo dun ano, entre os días 15/03/2024 e 15/03/2025, ambos incluídos, sen posibilidade de prórroga.

Terceiro.- O importe total do contrato, incluído a delegación de fluxos, non poderá exceder en importe anual de 15.000,00 €, máis IVE. Se por mor do importe dos fluxos delegados excedera desa cantidade, a diferenza deberá ser reintegrada ao Concello.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/227 do presuposto en vigor.

6.- DELEGACIÓN DE FLUXOS ECONÓMICOS E DA EMISIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A ECOEMBES POLO CONCEPTO DE RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL-CARTÓN

De conformidade do previsto na cláusula 8.3 do Convenio Marco de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A. (Ecoembes), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Delegar os fluxos económicos e a emisión de facturas correspondentes a Ecoembes, polo concepto de recollida selectiva de papel-cartón, á sociedade AMBIGAL-360 S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social na Coruña.

Segundo.- A delegación acordada producirá efectos a partires do día 15 de marzo de 2024.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Ecoembalajes España S.A., nas condicións establecidas no Anexo III do Convenio.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.374,85 €
Por subministro de diverso material de papelería e oficina, s/factura núm. 02/24.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 923,08 €
Por licenza anual de antivirus para equipos municipais e almacenamento na nube, s/factura núm. 24037.
- E.S. ATENEO S.L. 1.048,34 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2024/FD/000340 (FACe).

- FERRODEIRO S.L. 1.505,35 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000527.
- MERCAHILBE S.L. 12,84 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 03000001.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 425,62 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 202.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 62,71 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. 24ZNX0050739 (FACe).
- MÁIS ESCOLA S.L. 420,00 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. FAC/691.
- DEZA PUBLICIDADE S.L. 490,05 €
Por confección de pulseiras reivindicativas polo 8 de marzo “*Día internacional da muller*”, s/factura núm. 240081 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- ALQUILERES LALÍN S.L. 96,80 €
Por aluguer de rana para a extensión de aglomerado en vías municipais, s/factura núm. 24/186.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 49,04 €
Por subministro de lona para cubrir o aglomerado depositado para acondicionamento de vías municipais, s/factura núm. 32942.
- PROFECÓN-FDEZ Y MONTOTO S.L. 393,25 €
Por aluguer de baño químico para a ITV en Carboentes, s/factura núm. B/19326.

- RECAMBIOS J&J S.C. 28,74 €
Por subministro de diversos repostos ara vehículos municipais, s/factura núm. A/117.
- FERRODEIRO S.L. 122,16 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000526.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 2.859,58 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10314.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.153,36 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. FA – 225.
- PIÑEIRO PUB S.L. 2.178,00 €
Por instalación de carpa para as orquestras nas festas de San Vicente, s/factura núm. A-2024-001.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)